



PTU-AC-12/095  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM POLIG. 16, RÚA DAS VIÑAS  
AD - Notif. Orde  
Páx. 1 de 3

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2013 11:43:40

SAÍDA 65682 / RX 429395



Sr. Alcalde do Concello de Oleiros  
(A Coruña)

Notifícole que con data do 03/07/2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditou a orde que literalmente di:

**"ORDE DO 3 DE XULLO DE 2013 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE OLEIROS (A CORUÑA) NO POLÍGONO 16, RÚA DAS VIÑAS.**

O Concello de Oleiros solicita a aprobación definitiva da modificación puntual referida, en virtude do establecido no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Examinada a documentación achegada polo Concello de Oleiros, e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

**I. ANTECEDENTES.**

1. O Concello de Oleiros dispón, na actualidade vixente, dun Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente de forma parcial pola Orde da CPTOPT do 11/03/2009, coas condicións e nos termos establecidos nela.
2. O Concello acordou a formulación da modificación en pleno de data 29/09/2011.
3. O concello non solicitou o informe previo á aprobación inicial da modificación previsto no artigo 85.1 da LOUG, ao abeiro do establecido no artigo 93.4.
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu o 05/12/2011 non someter a proposta ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
5. No expediente figuran informes da Coordinadora dos servizos urbanísticos do concello do 12/09/2011, 15/02/2012 (artigo 85.1 da LOUG) e do 14/09/2012 (sobre as alegacións e a aprobación provisional); da secretaria do concello do 20/09/2012 (sobre a aprobación provisional); e do arquitecto municipal de datas 20/12/2010, 08/09/2011, 16/01/2012, 06/02/2012, 10/02/2012 (artigo 85.1 da LOUG) e 10/09/2012 (sobre as alegacións e aprobación provisional). Así mesmo, o expediente incorpora informe dos redactores da modificación de data 17/08/2012 sobre as alegacións presentadas.
6. A modificación foi aprobada inicialmente polo concello en pleno do 31/03/2012 e sometida a información pública polo prazo de dous meses (DOG do 19/04/2012, El Ideal Gallego e La Voz de Galicia do 13/04/2012). A aprobación inicial foi notificada aos concellos límite (A Coruña, Sada, Cambre, Culleredo) segundo o previsto no artigo 85.2 da LOUG. Foron presentadas oito alegacións segundo o informe sobre o resultado do trámite de información pública do 20/06/2012 incluído no expediente.



PTU-AC-12/095  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM POLIG. 16, RÚA DAS VIÑAS  
AD – Notif. Orde  
Páx. 2 de 3

7. A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu en data 14/06/2012 informe sobre que a nova ordenación proposta resulta compatible cos principios, criterios e normas do Plan de ordenación do litoral de Galicia (Decreto 20/2011).
8. O proxecto foi aprobado provisionalmente polo pleno municipal do 25/09/2012.
9. O concello remitiu o 22/10/2012, expediente administrativo, documento de inicio, proxecto aprobado inicialmente e proxecto aprobado provisionalmente, redactado polos arquitectos Mateo Miyar Olaiz e Gonzalo Serantes Conchado. Requirido, ao abeiro do artigo 85.7 da LOUG a emenda das deficiencias observadas mediante escrito do 21/11/2012, cumprimentouse o 12/12/2012, achegando informes da Coordinadora dos servizos urbanísticos municipais do 3/12/2012 e do arquitecto municipal do 29/11/2012.

## II. ÁMBITO, OBXECTO E DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA.

1. O ámbito da modificación é o POL-16 Rúa das Viñas do PXOM, no núcleo urbano de Perillo, así como o seu contorno inmediato, acadando os 20.125 m<sup>2</sup>. Está rodeado de solo urbano consolidado, con presenza de vivendas unifamiliares e colectivas de ata B+3+BC de altura, nalgúns puntos con medianeiras vistas en contacto co polígono.
2. A modificación ten por obxecto a mellora da ordenación detallada do polígono e a inclusión nel das conexións e zonas de bordo necesarias para garantir unha axeitada inserción do polígono na estrutura urbana colindante:
  - a) Apertura dun novo vial na parte central do ámbito en prolongación da rúa Zaire.
  - b) Alteración da zona verde V-93, dándolle un maior contacto coa rúa das Viñas.
  - c) Reubicación do equipamento RE-40 para a mellora da accesibilidade urbana.
  - d) Mellora da ordenación da edificación mediante a eliminación das pantallas edificadas e cubrición das medianeiras situadas no bordo do polígono.
3. O proxecto redelimita o polígono fundamentalmente mediante a inclusión da execución das súas conexións co contorno. Así mesmo, establecense unhas ordenanzas de aplicación ao polígono resultante que son variacións da 2A e 5 do plan xeral.

## III. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS.

1. A modificación fundáméntase en razóns de interese público consistentes na mellora substancial da ordenación detallada vixente do polígono POL-16, que poden considerarse suficientes para a xustificación da modificación.
2. Fruto da modificación prodúcese un aumento da edificabilidade de 848,73 m<sup>2</sup>. Séguese a cumplir o estándar de sistemas xerais previsto polo plan xeral.



PTU-AC-12/095  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM POLIG. 16, RÚA DAS VIÑAS  
AD - Notif. Orde  
Páx. 3 de 3

3. Cánto aos Sistemas locais (artigo 94.3 da LOUG) cúmprese o estándar requerido polo artigo 47.2 da LOUG. A modificación prevé o incremento das dotacións públicas correspondente ao aumento da edificabilidade do ámbito.
4. Sendo que a modificación produce afección a terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres públicos, a súa aprobación definitiva require do informe favorable previo da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia (artigo 94.4 da LOUG) que acadouse na súa sesión do 20 de xuño de 2013.

A competencia para resolver sobre a Aprobación Definitiva das Modificacións de planeamento xeral lle corresponde ó Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co dispuesto nos artigos 89 e 93.4 da LOUG, e no artigo 1 de Decreto 44/2012, de 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

#### IV. RESOLUCIÓN.

Visto canto antecede, RESOLVO:

- 1º. Outorgar a Aprobación Definitiva á Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oleiros, no Polígono, Rúa das Viñas.
- 2º. Notifíquese esta Orde ao Concello; e publíquese no Diario Oficial de Galicia.
- 3º. De conformidade co dispuesto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello deberá publicar no BOP a Normativa e Ordenanzas do PXOM aprobado definitivamente.
- 4º. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo disponen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa."

**O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

Santiago de Compostela, 04 de xullo de 2013

A secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

María Encarnación Rivas Díaz